

VIÚVAS

[Steve McQueen, 2018]

465

ESTREA EN NUMAX: 14.12.2018 | V.O.S.E. | +16

Widows (2018, 128')

Dirección: Steve McQueen

Guión: Gillian Flynn, Steve McQueen
(Personaxes: Lynda La Plante)

Elenco: Viola Davis, Michelle Rodriguez, Elizabeth Debicki, Cynthia Erivo, Colin Farrell, Brian Tyree Henry, Daniel Kaluuya, Jacki Weaver, Carrie Coon, Robert Duvall, Liam Neeson

Son: Scott D. Smith

Montaxe: Joe Walker

Música: Hans Zimmer

Dirección de arte: Gregory S. Hooper, Heather Ratliff

Vestiario: Jenny Eagan

Fotografía: Sean Bobbitt

Produtoras: 20th Century Fox, New Regency Pictures, See-Saw Films (Reino Unido)

Distribuidora: Fox

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Toronto 2018 (Filme inaugural)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Doce años de esclavitud, 2013

Hunger, 2008

SINOPSE

Adaptación cinematográfica da miniserie británica de 1983 ambientada en Chicago na actualidade. Catro mulleres con nada en común agás unha débeda herdada polas actividades criminais dos seus defuntos maridos, toman as rendas dos seus destinos e conspiran para forxar un futuro coas súas propias regras.

«O thriller de acción do ano. Xa lle tería gustado aos *Ocean's 8* esta tensión e profundidade. Unhas interpretacións de Oscar»

Irene Crespo, REVISTA CINEMANÍA

IF FOMENTO DA
IGUALDADE
DEXÉNERO



“Este filme é unha viaxe real de mulleres gañando independencia, e non a expensas de quen son”

Entrevista con Steve McQueen e Viola Davis

Por Reggie Ugwu

Este filme supón un cambio na túa carreira, despois de *Doce años de esclavitud*, *Shame* e *Hunger*? Era a túa intención cambiar de rumbo?

S. M. Non, estou interesado nas historias boas. Nunca pensei en estar facendo outra cousa que contar unha historia boa e espero que un filme decente. O próximo podería ser un musical debaixo da auga con Viola. Que máis ten. Se a historia é boa, aló imos. **V. D.** Quen o vexa saberá que é algo máis que un filme de atracos. Pero moitas veces, por culpa de Hollywood, o público espera ir ao cinema con flocos de millo e Coca Cola a relaxarse e desconectar. Queren historias que os deixen pampos, doadas de etiquetar e gardar cun bonito lazo. Pero ese non é o noso traballo. O noso traballo é alimentar a humanidade dunha forma na que non a podes alimentar diariamente.

Viches unha oportunidade de ter o mellor de ambos mundos?

Humanidade e flocos de millo? S. M. Cando fixen *Doce años de esclavitud*

nunca imaxinei que sería un bombazo. Gañamos 25 millóns de dólares vendendo DVDs só en Norteamérica durante un ano. Con *Viúvas* gustárame chegar a outra audiencia, sen perder a que foi ver *Shame*, *Hunger* ou *Doce años de esclavitud*.

Por que? S. M. Como artista teño a responsabilidade de chegar á máis xente posíbel. E quixen facer un filme sobre certo tipo de xente, non necesariamente a que gusta dos «éxitos de taquilla», e agardo que esa xente veña ver o filme. É moi importante para min. A xente que xa está convencida de algo non me interesa. Interésame o diálogo. Do contrario, sería un exercicio de ego.

Que ten de atraínte ver mulleres interpretando roles historicamente masculinos? Ves diferencias no comportamento a respecto dos homes? V. D.

V. D. Todo o que se lles pide ás mulleres é que sexan guapas e amábeis. Esas calidades superficiais asociadas á feminidade é o que vemos na pantalla. De aí que nos sintamos inferiores. Sentímonos como a presa do depredador. Sentimos sempre a bota da influencia e do poder masculino. Diso vai o #MeToo e o Time's Up. Este filme é unha viaxe real de mulleres gañando independencia nas súas vidas. E non a expensas de quen son. A enerxía feminina e a vulnerabilidade están aí. Pero penso que é unha fantasía común ás mulleres o de facer algo descarado e impetuoso e pouco bonito, rachar coas normas sociais, facer algo que eleve os niveis de autenticidade. Penso que iso atrae. Sei que a min me atrae.

O filme despunta de súpeto cando, do entretemento á política, as mulleres efectivamente se atreven a demandar cambios e a dar renda solta ao seu enfado. S. M. Agradézochos. Pero é un sentimento agrídoce. O filme baséase nun programa de televisión que vin hai 35 anos e non cambiou nada. Pero estou agradecido polo feito de que o filme poida ser de utilidade. **V. D.** Eu sempre formulo as tres famosas palabras: E agora que? Hai que seguir. Non pode ser só «Este é o momento da ira feminina, dos filmes femininos ególatras e se cadra tamén o dalgún artista negro». Iso tiña que ter sido hai anos, así tería que ter sido desde sempre. **S. M.** O que está pasando co #MeToo e o Time's Up é incríbel, son pasos grandes, xigantes. Só que ás veces sinto, como cineasta negro, que camiñamos en círculos. Tiven ese debate dentro da comunidade negra do cinema sobre como nos representan as historias, os cineastas, os actores e actrices. Parece que nunca se acaba de abrir de todo o camiño. Vamos para adiante, e despois retrocedemos. Pero creo que o #MeToo e o Time's Up van a máis. Porque hai xente con influencia que está facendo un bo traballo. Encantárame que esa xente se apuntase ao movemento polos dereitos da comunidade negra. Porque moitas veces é como «Ai, estou feliz polos actores e actrices negras, parece que lles está indo ben». Pero home branco: se es parte disto! Tiñas que estar dicindo «Estou con eles. Estou aí fóra».

Publicado en nytimes.com
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€

Faite NUMAX!

Abónate agora e ven sempre por